

O próximo **xoves** **día 6 de marzo de 2014**, hai convocada unha reunión do **Ámbito de Negociación do Foro do Diálogo Social**, para entendernos este foro é o similar a Mesa Sectorial no Ministerio de Sanidade. As materias de negociación deste ámbito veñen recollidas no artigo 11 do Estatuto Marco. Así mesmo no regulamento deste foro recóllense cales son competencias negociadoras deste foro. Pero isto non acontece así, nos últimos tempos este ámbito negociador estase extralimitando nas súas funcións.

Nos últimos tempos existen unhas ansias recentralizadoras da negociación, e este foro en vez de dedicarse a negociar materias da súa competencia, inclúe na orde do día materias de negociación que son competencia do ámbito de negociación das mesas sectoriais das CCAA.

Como curiosidade, comentar que nesta reunión vaise a falar dos baremos de OPE, iso é o que nos faltaba, ir a Madrid a negociar o baremo da OPE. Isto xa o negociamos na nosa mesa sectorial dende fai moitos anos.

Pola contra, as materias de negociación que son competencia deste foro non se abordan. A reforma dos artigos 63 e 65 do Estatuto Marco, eses que permiten que as Unidades de Xestión Clínica teñan entidade xurídica propia e que o persoal sexa laboral, non se incluíron en ningunha orde do día deste ámbito; non será por que desde a **CIG** non insistamos en que se inclúan.

Agora, está a circular unha información sobre un acordo entre o ministerio de Educación e o Ministerio de Sanidade sobre a homologación do título de grao ao persoal de enfermería que teña a Diplomatura Universitaria en Enfermaría. Nin rastro deste tema na mesa sectorial do estado.

Cada día están a desprestixiar máis os órganos de negociación e participación, convócanos a unha reunión en Madrid para falar de temas que son competencia das CCAA, e non convocan para temas de ámbito estatal e de tanta transcendencia para o conxunto das/os traballadores/as públicos. Connosco que non conten.

Desde **CIG-SAÚDE** dirixímonos ao Ministerio de Sanidade para reiterarlle que inclúan na orde do día os temas que son competencia deste foro e retiren os que non o son. A ver se algún día temos sorte.